

CADA VEZ TES MÁIS MOTIVOS PARA APARCARTE EN CARBALLO

1. Comercio

Carballo é o centro comercial máis grande da Costa da Morte. Todo o que busques atoparalo no noso comercio de proximidade, moderno, activo e atractivo, onde sempre recibirás un trato familiar e unha atención profesional.

2. Feiras e mercados

Non sabes o que é unha boa feira se non vés á de Carballo o 2º, 4º e 5º domingo de mes. Todos os xoves temos mercado de produtos da horta bergantiñá na Praza do Concello, e todos os días a mellor oferta en produtos frescos agárdate no moderno Mercado Municipal.

3. O pan

Non podes pasar por Carballo sen probar o molete, a empanada, o pan de ovo... A marca Pan de Carballo é garantía de calidade, porque o noso pan está elaborado cos mellores ingredientes polas mans expertas dos artesáns panadeiros.

4. Hostalería

Temos a maior oferta hostaleira para o día e para a noite: cafeterías, restaurantes, pubs, discotecas, terrazas... Ven a Carballo e enche o teu depósito dándolle un bocado á nosa cocina. E se precisas aloxamento, atoparalo para todos os petos.

5. Servizos

Por pracer ou por negocios, soa ou acompañada, en día laborable ou festivo... en Carballo os servizos públicos están pensados para atender as necesidades dos nosos veciños e veciñas pero tamén de quen nos visita.

6. Deportes

Carballo reborda actividade deportiva. Sexa cal sexa o teu deporte, seguro que atopas onde practicalo ou onde vivilo como espectador. E se aínda non coñeces as nosas piscinas, con sauna, ximnasio, spa... non sabes o que te perdes.

7. Cultura

Teatro, música, literatura, cine, arte... A cultura en Carballo está presente ao longo de todo o ano con espectáculos para nen@s e maiores. Infórmate da oferta do Pazo da Cultura, as bibliotecas e o Museo de Bergantiños. Sorprenderate!

8. Relax

Desestrésate no único balneario da Costa da Morte, paseando polo centro urbano ou polas beiras do Anllóns. Se queres máis atrévete coa Ruta das Férvedas ou a dos Muíños do Pan. E se aínda queres máis, déixate arrolar polo mar en Razo ou Baldaio.

9. Arte

Os proxectos Derrubando Muros con Pintura, Rexenera Fest, Ruar e Rir ou Carballo Mirando ao Mar están a converter a nosa vila nun enorme lenzo aberto á creatividade. Visita os murais artísticos que enchen de cor as rúas, e "escoita", porque os pasos de peóns en Carballo fálanche.

10. Accesibilidade

Carballo é unha vila cada vez máis accesible, na que gañan terreo os espazos públicos pensados para os peóns. E para que siga sendo así dispoñemos dunha ampla rede de aparcadoiros gratuítos a menos de 10 minutos do centro. Aparca o coche e usa o "metrominuto".



O Metrominuto é un plano que che indica a distancia que hai entre dous puntos do casco urbano e o tempo aproximado que tardas en percorrela a pé. Busca os sinais que temos distribuídos por toda a vila e descubre o preto que estás de todo.

APÁRCATE EN CARBALLO

#serápor sitio



APARCAMENTOS GRATUITOS

1.897 PRAZAS A MENOS DE 10 MINUTOS
A PÉ DO CENTRO URBANO

- 1 Centro Comercial Bergantiños
- 2 3 4 5 6 7 Rego da Balsa
- 8 rúa Doutor Fleming
- 9 Horta do Casino
- 10 rúa Vila de Negreira
- 11 12 San Martiño
- 13 rúa Xirona
- 14 Pazo da Cultura
- 15 Estación de Autobuses
- 16 17 Fórum Carballo
- 18 rúa Río Miño
- 19 rúa Vila de Coristanco
- 20 rúa Vila de Corcubión
- 21 22 rúa Carballo Calero

ZONA AZUL

431 PRAZAS NAS PRINCIPAIS RÚAS COMERCIAIS



APARCAMENTOS PARA PERSOAS DISCAPACITADAS

78 PRAZAS REPARTIDAS POR 50 RÚAS DO CASCO URBANO

Uso exclusivo para usuarios de tarxeta para
persoas con discapacidade ou mobilidade reducida

APÁRCATE EN CARBALLO

... e aparca o teu coche tamén

Aparcar o coche en Carballo é de balde, tanto se escolles calquera das áreas que temos habilitadas por todo o casco urbano a menos de 10 minutos da Praza do Concello coma se optas pola Zona Azul. Nas principais rúas comerciais da vila atoparás prazas de estacionamento limitado nas que poderás deixar o coche durante 90 minutos (os domingos, os festivos e os sábados pola tarde non hai limitación). Só tes que escribir a hora de chegada nun papel e deixalo nun lugar visible no parabrisas ou utilizar os discos de control. Pide o teu en edificios públicos e comercios.

